XUNTA DE GALICIA
INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA A XUNQUEIRA II




# Plan de atención á diversidade

## IES A Xunqueira II

## Pontevedra

(adaptado á ORDE do 8 de setembro de 2021)

aniversario
1986 - 2021

SEMGAL
PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO ESCOLAR

PROPOSTA

Xacobeo 21·22
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
galicia

PROPOSTA

## Índice

1. Xustificación baseada na contorna en relación á tipoloxía do alumnado ....6

2. Identificación e valoración das necesidades....7

a) Alumnado con NEE (problemas de conduta e discapacidade) ....9

b) Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe ....9

c) Alumnado con TDAH....11

d) Alumnado TEA (incluíndo Asperger)....12

e) Alumnado con altas capacidades intelectuais....20

f) Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar ....21

**3. Obxectivos ....25**

**4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade....26**

1. Procedementos para a detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo....28

**vi. Comunicación á persoa titora....28**

**vii. Traslado ao departamento de orientación ....28**

**viii. Recollida e incorporación da información proporcionada da etapa anterior....28**

**ix. Comunicación da información relevante ao profesorado na avaliación inicial....28**

**2. Relación de programas de implementación potencial e organizativas previstas para todo o centro....29**

**i. Programa de transición da etapa primaria ao ensino secundario obrigatorio....29**

**ii. Protocolo de acollida do alumnado (reunións de principios de curso)....29**

**iii. Protocolo de acollida das familias (reunións de principios de curso) ....29**

**iv. Protocolo de acollida do profesorado de nova incorporación ....30**

**v. Contrator-Programa....30**

**vi. PFPP relacionados coa convivencia e atención á diversidade....30**

**vii. Protocolo de absentismo ....30**

**viii. Protocolo TDAH....30**

**ix. Protocolo TEA....31**

**x. Procedemento co alumnado en atención domiciliaria ou hospitalaria ....31**

**xi. Procedemento de inclusión do alumando de incorporación tardía....32**

**xii. Programa de recuperación de pendentes** ........ 32
**xiii. Plan de seguimento do alumnado repetidor** ........ 32
5. Medidas para a organización e distribución dos recursos ........ 32
a) Medidas ordinarias ........ 32
**i. Elaboración dos grupos (horarios, asignación de titorías, agrupamento, e a distribución de aulas, unidades e espazos)** ........ 32
**vi. Desdobramentos de grupos** ........ 35
**vii. Exencións de 2ª lingua estranxeira** ........ 35
**ix. Programas de enriquecemento curricular** ........ 36
**x. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas** ........ 37
**xi. Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes** ........ 37
**xii. Plan específico personalizado para o alumnado de eso que permaneza un ano máis no mesmo curso** ........ 38
**xiv. Desdobramentos de grupos** ........ 39
**xv. Exencións de 2ª lingua estranxeira** ........ 39
b) Medidas extraordinarias ........ 39
**i. Adaptacións curriculares** ........ 40
**ii. Agrupamentos flexibles** ........ 42
**i. Apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e/ou en audición e linguaxe** ........ 45
**ii. Flexibilización da duración do período de escolarización** ........ 47
**iii. Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato** ........ 51
**iv. Programas de diversificación curricular** ........ 54
**v. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo** ........ 57
**vi. Atención educativa domiciliaria** ........ 57
**vii. Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria** ........ 61
**ix. Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal** ........ 64
**xiv. Grupos de adquisición das linguas** ........ 67
**xv. Grupos de adaptación da competencia curricular** ........ 68
7. Concreción das actuacións e medidas deseñadas ........ 71
a) Medidas ordinarias ........ 71
**i. Elaboración dos grupos** ........ 71
**ii. Desdobramentos de grupos** ........ 71
**iii. Exencións de 2ª lingua estranxeira** ........ 71
**iv. Aplicación de reforzo educativo** ........ 72

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

PROPOSTA

**v. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria** .....72

**vi. Programas de enriquecemento curricular** .....72

**vii. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas** .....72

**viii. Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes** .....72

**ix. Programa de recuperación de materias suspensas** .....73

**x. Programas específicos personalizados** .....73

**xi. Programas de habilidades sociais e mellora da convivencia** .....73

b) Medidas extraordinarias .....73

**i. Adaptacións curriculares** .....73

**ii. Agrupamentos flexibles** .....73

**iii. Apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica** .....73

**iv. Flexibilización da duración do período de escolarización** .....74

**v. Modalidade de escolarización combinada** .....74

**vi. Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (en adiante PMAR)** .....74

**vii. Programas de diversificación curricular (en adiante PDC)** .....74

**viii. Formación Profesional Básica** .....74

**ix. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo** .....75

**x. Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria** .....75

**xi. Grupos de adquisición das linguas** .....75

**xii. Grupos de adaptación da competencia curricular** .....75

**xiii. Alumnado de incorporación tardía con desfase curricular** .....75

8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición .....76

a) Reunións no propio centro .....76

b) Reunións cos centros adscritos .....76

**c) Reunións cos centros onde exista alumnado en escolarización combinada** .....76

d) Reunións cos profesionais que atenden alumnado en atención domiciliaria ou hospitalaria .....76

9. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro .....76

a) Colaboración coas persoas responsables de alumnado .....76

b) Colaboración con instancias externas .....76

c) Procedemento de solicitude de intervención do equipo de orientación específico .....77

10. Protocolo de derivación do alumnado ao departamento de orientación .....77

11. Medidas para o desenvolvemento dos protocolos establecidos pola consellería ....78
a) Absentismo ....78
b) TDAH/TEA ....78
c) TEA ....78
12. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan....78
Anexos ....79
a) Concreción anual ....79
b) Informe anual final por curso sobre as medidas de reforzo educativo (RE) ....81
c) Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo ....82
d) Cronograma para a implantación anual do PAD....84

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

# 1. Xustificación baseada na contorna en relación á tipoloxía do alumnado

A consideración da diversidade como un valor significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar tódalas potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente incluídas e conten cos espazos de participación e desenvolvemento a que a súa condición humana lles dá dereito.

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten.

O plan de atención á diversidade, que forma parte do Proxecto educativo (en adiante PE), será o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade do centro, no marco da Programación xeral anual (en adiante PXA), e coa seguinte base normativa:

- Ley Orgánica 2/ 2006, de 3 de mayo, de educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3de maio, de educación.

O IES Xunqueira II, polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de "centros de carácter periférico mixto", é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante.  Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos anos oitenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos "masculino" e "feminino" da cidade.  Co paso do tempo, adquiriu un carácter "rurbano" polas características do seu  alumnado, procedente principalmente

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

da área suburbana de Pontevedra, das áreas rurais da periferia e dalgunha parroquia rural do municipio. Os niveis educativos que se implementan no centro son:

- 1º, 2º, 3º e 4º cursos da ESO.

- 1º e 2º cursos de bacharelato, nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.

O alumnado de 1º de ESO procede, maiormente, dos centros de educación primaria adscritos segundo a rede de centros: CEIP Xunqueira nº 2 e CEIP Manuel Vidal Portela.

Aínda que tamén se matriculan ao longo dos cursos alumnado dos centros: CEIP de Vilaverde, CEIP de Marcón, CEIP de Barcelos, entre outros. Así como alumnado procedente da Comisión de escolarización.

De xeito sintético, podemos sinalar a seguinte tipoloxía específica do alumnado:

- Alumnado con NEE de carácter máis permanente con recoñecemento de minusvalía e discapacidade, e que recibe beca do MEC cada ano.
- Alumnado con TEA: Asperger.
- Alumnado con TDAH medicado e sen medicar.
- Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo e con desfase curricular.
- Alumnado con descoñecemento do idioma galego.
- Alumnado baixo revisión e seguimento da USMIJ.
- Alumnado de familias desestruturadas.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Alumnado repetidor dalgún curso.
- Alumnado con aplicación de protocolo de xénero.

## 2. Identificación e valoración das necesidades

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

A atención á diversidade entendese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

De conformidade co artigo 71.2 da Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, modificado pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e aresposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade. Todo isto farase a través dos seguintes mecanismos:

- Na avaliación inicial, a comezos de curso e dirixida a toda etapa da ESO e bacharelato.
- Nas xuntanzas da avaliación trimestrais.
- Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno e de cada alumna.
- En momentos puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Esa avaliación ten como principal finalidade adaptar as ensinanzas ao alumando e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

A avaliación inicial, realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada polas persoas responsables de alumnado e incluirá, de se-lo caso, a información procedente do curso ou da etapa anterior.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

educativo que correspondan e, nos casos en que for preciso, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

A avaliación inicial, consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumnado así como a avaliación dos coñecementos previos nas áreas curriculares. Os obxectivos serán os seguintes:

1) Coñecer ao alumnado de cada grupo e os seu nivel de competencia curricular de partida.
2) Coñecer as características do grupo e a súa dinámica interna, para procurar unha mellora das relacións e as aprendizaxes.
3) Coñecer e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultades de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.
4) Facilitar o coñecemento, por parte de todo o profesorado, das características e necesidades do alumnado ao que lle imparte docencia así como das medidas de atención á diversidade que se aplicarán ao longo do trimestre ou curso.

## a) Alumnado con NEE (problemas de conduta e discapacidade)

Alumnado que presenta necesidades educativas especiais é o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe. A existencia no centro educativo de problemas de conducta ou de comportamentos desafiantes é unha realidade.

Ligazóns aos protocolos e publicacións da consellería en materia de educación:

- http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/conducta.pdf
- http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/discapacidade.pdf
- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2018/06/14/9987879c1e15abb4c36a50d6f870efd0.pdf
- https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080

## b) Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Considérase que un alumno ou alumna presenta DEA cando o seu rendemento en relación

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

á adquisición e uso dunha ou varias capacidades de: comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

O profesorado titor e o equipo docente farán unha valoración das necesidades detectadas na avaliación inicial e nas sucesivas avaliacións ordinarias e comunicará as dificultades de aprendizaxe e as novas necesidades educativas que detecten no alumnado por medio das canles establecidas (cubrindo a solicitude de valoración polo DO segundo o modelo) proporcionando a información o máis concreta e completa posible sobre:

- O nivel dos coñecementos previos.
- Detección e precisión operativa dos erros específicos e/ou as dificultades observables.
- As habilidades na realización de inferencias e a utilización da memoria de traballo para relacionar os contidos novos cos anteriormente adquiridos.
- As estratexias cognitivas do/a alumno/a, especialmente a elaboración de ideas principais e secundarias, a realización de resumos, formulación de hipóteses, contestación a preguntas, resolución de problemas, etc...
- As estratexias relacionadas coa autorregulación, supervisión da aprendizaxe, estratexias metacognitivas.

A resposta educativa pasa pola utilización de estratexias relacionadas coa propia planificación educativa e a organización escolar, que faciliten a adquisición das competencias que se sinalan a continuación:

- Fomentar unha aprendizaxe activa e construtivista.
- Deseñar un proceso de ensino-aprendizaxe significativo. Facilitar a conexión funcional das aprendizaxes, facilitando a construción autónoma das aprendizaxes.
- Fomentar o uso da aprendizaxe cooperativa e a participación en grupos sociais heteroxéneos, estimulando o interese, as actitudes favorables, a superación e a solidariedade.
- Fortalecer as vías de participación familiar mediante a acción da titoría.

PROPOSTA

- Establecer tempos e espazos para o apoio integrado na unidade ordinaria.
- Fomentar o uso das TIC na aula.
- Potenciar as actividades de atención e de motivación e de mellora do autoconcepto e da autoestima.
- Facilitar o uso de axendas de planificación de actividades de recuperación e seguimento.

Ligazóns aos protocolos e publicacións da consellería en materia de educación:

- https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/15325
- https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/28824

### c) Alumnado con TDAH

O alumnado con TDAH experimentan dificultades polos seus problemas na atención e no control de impulsos que son requisitos necesarios para o éxito escolar. Aínda que o TDAH non interfire coa habilidade de aprender, si interfire, polas razóns expostas, no rendemento académico.

Destacar o papel relevante do profesorado porque desenvolve unha función de mediación no proceso de aprendizaxe, e contribúe á normalizar a súa vida escolar axustando da resposta educativa ás súas necesidades.

Cando se trata de reducir e controlar o comportamento dos nenos e nenas hiperactivos, é imprescindible que o profesorado adopte actitudes positivas e deseñen actividades moi estruturadas, acordes coas habilidades, destrezas e limitacións que presentan este alumnado. Estratexias educativas:

- Relacionarse co eles de forma tranquila e relaxada, poñendo especial atención e reforzando os seus comportamentos axeitados, e tratando de "Ignorar" as condutas inadecuadas.
- Mostrarse firme e seguro cando se han de cumprir as regras e normas escolares, pero evitar as ameazas e reprimendas. Louvar ao neno polos seus logros para recoñecer e valorar os seus esforzos.

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

- Transmitir confianza nos progresos e habilidades do alumnado.
- Deseñar actividades estruturadas, formulando tarefas breves (10-15 minutos) e de dificultade progresiva, adecuadas ao seu ritmo de aprendizaxe e ao alcance dos seus posibilidades. Cando o alumnado hiperactivo obtén éxito, aumenta a seguridade e confianza en si mesmo.
- Programar actividades curtas e axeitadas ás capacidades de atención e control.
- Priorizar a calidade sobre a cantidade: seleccionar o máis importante.
- Buscar un lugar axeitado na aula, lonxe de elementos distractores, facilitando o contacto ocular co mestre.
- Utilizar unha boa organización que pode reforzarse colgando na aula as normas e actividades diarias.
- Deseñar gráficos que proporcionen ao alumnado información sobre o seu comportamento.
- Intercalar tarefas menos motivadoras ou que requiran unha resposta pasiva (ex. unha exposición teórica), con tarefas máis activas, que requiran a intervención activa do alumnado.

Ligazóns aos protocolos e publicacións da consellería en materia de educación:

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf
- https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18451

## d) Alumnado TEA (incluíndo Asperger)

Tomando como referencia os criterios diagnósticos que propón o DSM-5, o alumnado con TEA presenta:

a) Deficiencias persistentes na comunicación social e na interacción social en diversos contextos, de xeito que:

1. As deficiencias na reciprocidade socioemocional varían, desde un achegamento social anormal e fracaso da conversación normal en ambos os

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

dous sentidos, pasando pola diminución en intereses, emocións ou afectos compartidos, ata o fracaso en comezar ou responder a interaccións sociais.

2. As deficiencias nas condutas comunicativas non verbais utilizadas na interacción social varían, desde unha comunicación verbal e non verbal pouco integrada, pasando por anomalías do contacto visual e da linguaxe corporal ou deficiencias da comprensión e o uso de xestos, ata unha ausencia total de expresión facial e de comunicación non verbal.
3. As deficiencias no desenvolvemento, mantemento e comprensión das relacións varían, desde dificultades para axustar o comportamento en diversos contextos sociais, pasando por dificultades para compartir xogos imaxinativos ou para facer amizades, ata a ausencia de interese por outras persoas.

b) Patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades, que, actualmente ou polos antecedentes, manifféstanse en dous ou máis dos seguintes puntos:

1. Movementos, utilización de obxectos ou fala estereotipados ou repetitivos.
2. Insistencia na monotonía, excesiva inflexibilidade de rutinas de comportamento verbal e non verbal.
3. Intereses moi restrinxidos e fixos, que son anormais en canto á súa intensidade ou foco de interese.
4. Hiper ou hiporreactividade aos estímulos sensoriais ou interese non habitual por aspectos sensoriais.

c) Os síntomas deben estar presentes nas primeiras fases do período de desenvolvemento, aínda que poden non manifestarse totalmente ata fases posteriores.

Hai que ter en conta, segundo o DSM-5, que "o trastorno do espectro autista inclúe trastornos previamente chamados autismo da primeira infancia, autismo infantil, autismo de Kanner, autismo de alto funcionamento, autismo atípico, trastorno xeneralizado do

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

desenvolvemento non especificado, trastorno desintegrador infantil e síndrome de Asperger”.

A síndrome de asperger é un trastorno neurolóxico. As persoas afectadas teñen un aspecto e intelixencia normal ou incluso superior á media. Presentan un estilo cognitivo particular e habilidades especiais en áreas restrinxidas.

Ligazóns aos protocolos e publicacións da consellería en materia de educación:

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/14/5b7a09f72e369a40b7d319634a159b49.pdf

As estratexias educativas a seguir pasan por garantir o intercambio de información nos cambios de curso, de etapa educativa ou de centro para asegurar a continuidade das pautas establecidas. É fundamental a coordinación entre a familia, o profesorado, os servizos de orientación e os servizos sanitarios a través da familia.

Os síntomas manifféstanse de modo diferente en cada unha das persoas. A continuación, descríbense dez características que definen e posibles estratexias a utilizar na aula:

1. Insistencia nas rutinas:

   Son nenos e nenas altamente sensibles fronte a mínimos cambios; ás veces actúan de forma ritual, amosando ansiedade e tendendo a preocuparse de modo obsesivo cando non saben que esperar, o estrés, o cansazo e unha sobrecarga sensorial, desequilíbranos doadamente.

   Pautas de actuación e orientacións

   - Proporcionarlles un ambiente predecible e seguro.
   - Minimizar as transicións.
   - Ofrecer unha rutina diaria constante: o neno con SA precisa entender a rutina diaria e saber o que lle espera, para poder concentrarse nunha determinada tarefa.
   - Evitar as sorpresas: preparar ó alumnado minuciosamente e con anticipación fronte a actividades especiais, cambios no horario ou calquera

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

outro cambio na rutina, por mínimo que sexa.

2. Discapacidade para a interacción social:
    - mostran pouca capacidade para comprender regras sociais complexas.
    - non posúen intuición ou instinto social, son cándidos.
    - son moi egocéntricos.
    - pode non gustarlles o contacto físico, usan un ton de voz monótono ou pomposo e pouco natural.
    - utilizan a mirada e a linguaxe corporal de modo inapropiado.
    - son pouco sensibles e teñen pouco tacto, non interpretan ben as claves sociais.
    - non poden entender a "distancia social", posúen pouca habilidade para iniciar e soster conversacións.
    - teñen unha linguaxe ben desenvolvida pero a súa comunicación é pobre.
    - é doado aproveitarse con deles con facilidade (xa que non perciben que os demais, ás veces, lles minten ou lles fan trampa) e normalmente desexan formar parte do mundo social.

Pautas de actuación e orientacións

- Protexer ó alumnado fronte a intimidacións e burlas. Cando se divida o grupo en equipos é recomendable seleccionar ós integrantes, en lugar de deixar que o alumnado elixa ós membros, xa que isto aumenta as posibilidades de que o alumno ou alumna quede fóra ou reciba mofas.
- Facer énfase nas habilidades académicas sobresaíntes do alumnaod con SA, mediante situacións de aprendizaxe colectiva nas cales as súas habilidades de lectura, vocabulario, memoria, etc, sexan consideradas como algo valioso polos seus compañeiros e fomenten a súa aceptación.
- A maioría do alumnado con SA quere ter amigos, pero simplemente non saben como facelo. Debería ensinárselles a reaccionar fronte ás claves

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

sociais, e pódeselles proporcionar un repertorio de respostas para usar nas distintas situacións sociais.

- Ensinar ao alumndo que dicir e como dicilo. Cando mostraron pouco tacto, insultaron ou foron pouco sensibles sen ningunha intención pola súa banda, debe explicárselles porqué a súa resposta foi incorrecta e cal sería a resposta correcta..

3. Gama restrinxida de intereses:

O alumnado con SA ten preocupacións excéntricas ou fixacións estrañas e intensas. Tenden a "dar conferencias" constantemente sobre as súas áreas de interese fan preguntas repetitivas sobre os seus intereses; teñen dificultades en expresar ideas; seguen as súas propias inclinacións sen considerar as demandas externas; e ás veces, néganse a aprender nada que non pertenza ao seu limitado campo de intereses.

Pautas de actuación e orientacións

- Non permitir que o neno con SA insista en discutir ou facer preguntas sobre intereses illados.
- Limitar o seu comportamento, delimitando un anaco especial de tempo, cada día, para que poida falar do que lle interesa. Algún alumnado con SA pode negarse a realizar tarefas fóra das súas áreas de interese. Hai que transmitirlles o  que se espera deles de modo firme para que completen o seu traballo..

4. Escasa concentración:

A miúdo, o alumnado con SA non se concentran na súa tarefa, distráense con estímulos internos e son moi desorganizados. Tenden a retraerse en mundos interiores e teñen dificultades de aprendizaxe nunha situación de grupo.

Pautas de actuación e orientacións

- Para que o alumnado con SA sexa produtivo en clase, debe proporcionárselle unha exhaustiva regulamentación da estrutura externa.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

As tarefas deben ser divididas en unidades pequenas, e debe ofrecérselle unha axuda e unha reorientación constante por parte do profesor.

- O alumnado con SA adoita ser ás veces testán, necesitan expectativas firmes e un programa estruturado que lles mostre que o cumprimento das regras conduce a un reforzo positivo (este tipo de programa motiva ó neno con SA a ser produtivo e aumenta a autoestima baixando o seu nivel de estrés ao sentirse competente).
- Pode que sexa necesario diminuír a carga de deberes a realizar na casa ou engadirlles un tempo extra. Sentar ao neno con SA na primeira fila da clase e facerlle preguntas a miúdo pode axudarlle a manter a atención na lección que se estea impartindo.
- Buscar un signo non verbal (ex., unha palmadiña cariñosa) para os momentos en que non estea a atender..

5. Dificultades académicas:

O alumnado con SA  posúe un nivel de intelixencia medio ou superior á media, pero fáltalles pensamento de alto nivel e habilidades de comprensión. O seu estilo de falar pedante e o seu impresionante vocabulario dá a falsa impresión de que entenden o que están a dicir, cando en realidade poden estar simplemente repetindo de memoria o que oíron ou leron. É frecuente que o alumnado con SA posúa unha excelente memoria mecánica, é dicir, pode responder como un vídeo que reproduce unha secuencia establecida.

Pautas de actuación e orientacións

- Non dar por suposto que o alumnado con SA entendeu simplemente porque é capaz de repetir o que oíu.
- Ofrecer explicacións adicionais e tratar de simplificar os conceptos máis abstractos dos temas.
- Emprego de apoios visuais en calquera proceso de ensino.
- Sacar partido da memoria excepcional dos SA. Lembrar información e feitos

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

é usualmente o seu punto forte.

6. Dificultades de organización e planificación:

   A diminuída capacidade para a organización e planificación resulta frecuente en comportamentos moi diversos, como a perda do material de traballo, dificultade de terminar as tarefas dentro dun período determinado de tempo, esquecer os deberes...

   Pautas de actuación e orientacións

   - Favorecer o uso da axenda para organizar e planificar as tarefas, pero esta deberá ter unha estrutura visual na que se distingan os seguintes apartados:
     - Área a traballar
     - Que hai que facer?
     - Está feito.

7. Dificultades para entender conceptos abstractos:

   Adoitan ser moi literais e a súa capacidade de abstracción é pobre.

   Pautas de actuación e orientacións

   - Ser tan concreto como sexa posible na presentación de novos conceptos e do material abstracto.
   - Empregar aprendizaxe baseada na práctica  no posible con exemplos.
   - Empregar organizadores gráficos tales como resumos, esquemas, mapas, apoio visual.
   - Empregar estratexias (subliñados etc) para axudar a organizar e categorizar a información.
   - Evitar a sobrecarga verbal e longas explicacións.

8. Baixa tolerancia á frustración:

   O alumnado con SA, durante a etapa escolar, adoitan mostrar baixos niveis de tolerancia á frustración e isto, unido ás actitudes perfeccionistas, pode levar

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

enfados e condutas disruptivas cando non conseguen o resultado adecuado nunha tarefa.

- M.

9. Vulnerabilidade emocional:

O alumado con síndrome de Asperger presenta as mesmas capacidades intelectuais que o resto do alumnado, pero a miúdo non posúen os recursos emocionais suficientes como para responder ás demandas da clase. Debido á súa falta de flexibilidade, estrésanse con facilidade. A súa autoestima é baixa, e a miúdo son moi autocríticos e non son capaces de permitirse erros. As persoas con SA, especialmente os adolescentes, poden ser propensos á depresión. As reaccións de rabia e os estalidos de cólera adoitan ser respostas frecuentes ao seu estrés/frustración.

O alumnado con SA non adoitan estar relaxados e atópanse doadamente superados cando as cousas non son como deberían de ser, segundo o seu punto de vista ríxido. Interacionar con outra xente e responder ás demandas ordinarias da vida cotiá pode ser para eles un esforzo continuo.

Pautas de actuación e orientacións

- Previr os estalidos ofrecéndolles un alto nivel de coherencia. Preparalos fronte aos cambios que se produzan na rutina diaria, para minorar o estrés.
- Axudalos a manexarse cando se sintan superados polo estrés para previr estalidos. Axudalos escribíndolle unha lista de pasos moi concretos que ten que dar cando se perturba (ex.: 1- Respirar profundamente tres veces; 2- Contar tres veces os dedos da súa man dereita; 3- Dicir que queren ver ir coa orientadora, co titor...) Anotar estes pasos nunha tarxeta, para que o neno a introduza no seu peto e a teña sempre a man.
- Permitir que pasee, xa que o permanecer sentado por períodos de tempo longos pode resultarlles moi difícil (unha camiñada de 2 minutos pode axudar moito).

PROPOSTA

10. Sensibilidades sensoriais:

A maioría das sensibilidades comúns implican o son e o tacto, pero poden tamén incluír gusto, intensidade de luz, cores e aromas. Os tipos de ruídos que se poidan percibir como extremadamente intenso son:

- Ruídos repentinos, inesperados tales como un teléfono que soa, alarma de incendio.
- Ruído continuo agudo.
- Sons de confusión, complexos ou múltiples por ex. en centros comerciais, o recreo…

Pautas de actuación e orientacións

- Asegurarse de que os niveis normais de estimulación visual ou auditiva non sexan percibidos polo estudante como escasos ou excesivos.
- Procurar evitar certos ruídos.
- Deixar ao alumno escoitar música de fondo que poida camuflar os ruídos, ou axudarlle a atopar un recanto reservado o que poida recorrer para estar só.
- Usar tapóns para os oídos en casos extremos.
- Ensinar e modelar estratexias de relaxación para reducir a ansiedade.

## e) Alumnado con altas capacidades intelectuais

Caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

Considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

Un alumno/a presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos

En todo caso, seguindo o modelo dos tres aneis de Renzulli (1978), terá esta consideración o alumnado que presente:

- unha capacidade intelectual superior.
- un alto nivel de creatividade.
- persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

Ligazóns aos protocolos e publicacións da consellería en materia de educación:

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/10/16/40af9b01688982e3a742808df6271bc0.pdf

## f) Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar

### i. Inmigrantes

Alumnado que procede do estranxeiro. A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa comunidade autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está incidindo notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de maneira que proporcionar unha resposta educativa a leste alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

Por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificado, escolarízanse tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades manifestanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

### ii. Alumnado repetidor

Alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

Análise do “plan específico para o alumnado repetidor” (segundo modelo recibido desde inspección educativa, Modelo PRIM-Plan especifico alumnado repetidor_EP_ v1.0) elaborado para aquel alumnado que repite curso.

**iii. Alumnado con materias pendentes**

Alumnado que promociona de curso con avaliación negativa en unha ou varias materias.

Análise do “plan específico para alumnado con materias pendentes” (segundo modelo recibido desde inspección educativa, Modelo PRIM-Plan especifico alumnado con materias pendentes_EP_v1.0) elaborado para aquel alumnado que promocionando de curso, levan cualificación de insuficiente en unha ou varias materias.

**iv. Alumnado con atención hospitalaria ou domiciliaria**

Alumnado que non pode asistir con regularidade ao centro docente no que estea escolarizado por un período prolongado, por prescrición médica, debido a enfermidade ou lesión.

Alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescrición médica, por un período de tempo superior a un mes. Alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. Contarase co preceptivo informe médico.

No caso do alumnado que estando matriculado neste centro, ao longo do curso escolar é ingresado no hospital, indicar que seguimos o protocolo establecido pola xunta para estes casos.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2011/12/12/ee13ff2a303eaf4e185ee1a6175904ec.pdf

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion_educativa_domiciliaria_v2.pdf

**v. Alumnado con atraso curricular xeneralizado**

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

Neste caso aplicase o establecido para o proceso de de adaptación curricular correspondente.

### vi. Alumnado con risco suicida

Podemos considerar que nos atopamos diante dunha situación de risco cando:

- Se teña constancia de comportamentos autolíticos no pasado.
- Se observen no curso actual factores de risco relevantes e soporte inadecuado de factores protectores.
- A familia comunique ao centro a súa propia percepción de que existe risco.
- As persoas do contorno próximo ao/á alumno/a comuniquen a súa percepción da existencia de risco ao/á docente titor/a, amigos/as.
- Cando os servizos de saúde mental ou servizos sociais informen á orientadora, ao director do centro ou ao Equipo de Orientación Específico (en adiante EOE) dunha situación de risco.

Os grupos de alto ou maior risco para ter pensamentos e plans de suicidio son os seguintes:

- Alumnado que realizou un intento de suicidio previo.
- Persoas con trastorno psiquiátrico (depresión, abuso de sustancias…).
- Alumnos/as que perderon a un ser querido por suicidio (supervivente dun suicidio).

Entre os sinais de alarma podemos citar:

- Condutas que indican que a persoa está pensando ou planificando un suicidio ou obsesionada pola morte: falar ou escribir sobre o desexo de morrer, sentimentos de desesperanza, querer desaparecer, carta de despedida, sentirse atrapado, sufrir unha dor insoportable, ser unha carga para seres queridos, buscar métodos de suicidio a través de internet, etc.
- Cambios máis directos na conduta que poden significar que a persoa está experimentando problemas de saúde mental, que poden asociarse a

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

pensamentos e plans suicidas: perda de contacto coa familia e coas amizades; baixada brusca de rendemento escolar; incremento de consumo de substancias; cambios de carácter e ánimo; cambios de hábitos de soño ou alimentación; amosar ira, angustia ou falar da necesidade de vingarse.

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/node/2925

**vii. Alumnado absentista**

Alumnado que presenta ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual

**viii. Alumnado en réxime de acollemento ou en situación social desfavorecida**

Alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar xa que manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables. Coñecer a contorna sociofamiliar e a situación persoal que está a pasar o alumnado é importante a fin de adoptar certas medidas como no caso das actividades complementarias que supoñen unha saída do centro e teñen un custo que asumen as familias dos/as alumnos/as e que nestes casos, asume o centro, xa que se trata de saídas culturais e formativas.

Alumnado en réxime de acollida na Escola fogar Principe Felipe

Alumnado inscrito no programa do Concello: Caixaproinfancia.

Alumnado inscrito en programa coas traballadoras sociais do Concello.

Alumnado inscrito en programa con Cruz Roja.

Alumnado con situación social desfavorecida, etnia xitana.

Alumnado con situación social desfavorecida: de orixe rumana...

**ix. Alumnado con necesidade de garantía en diversidade afectivo-sexual e a**

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

**identidade sexual**

Alumnado con desconformidade coa súa identidade de xénero. Alumnado que manifesta mediante comunicación escrita ou verbal ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento.

## 3. Obxectivos

PROPOSTA

Coa determinación dos obxectivos haberá que garantir polo menos o seguinte

- Conseguir que o alumnado consiga o máximo desenvolvemento persoal e social posible, o que require unha adaptación da educación ás súas singularidades, que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento personal e social. Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades Específicas de apoio educativo.
- Previr, detectar e intervir ante dificultades e problemas de aprendizaxe.
- Consensuar e difundir as actuacións e medidas de atención á diversidade no centro.
- Promover a colaboración e coordinación do centro con outras institucións, asociacións...
- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento na comunidade educativa.
- Tentar que todo o alumnado, sen distinción, acade, dentro das súas posibilidades, o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para a etapa da ESO.
- Deseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta as características e necesidades do alumnado.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía, estratexias



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

educativas...

- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a.
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo e compañeirismo que axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.

## 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

Os principios de actuación que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son os que seguen:

a) Por parte dos equipos directivos dos centros docentes:

i. A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.

ii. A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.

iii. A información precisa a toda a comunidade educativa dos proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos con que conte o centro docente.

iv. A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo,

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

así como da formación e innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.

v. A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que correspondan.

b) Por parte do profesorado titor:

i. A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa titoría.

ii. A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.

iii. O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.

iv. A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

c) Por parte do profesorado da materia ou do ámbito:

i. A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

ii. A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

iii. A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

educativa.

iv. A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

d) Por parte dos servizos de orientación educativa:

i. O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

ii. A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.

iii. A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.

iv. A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.

v. A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado. (Explicación do apartado)

## 1. Procedementos para a detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo

(pendente)

### vi. Comunicación á persoa titora

(pendente)

### vii. Traslado ao departamento de orientación

(pendente)

### viii. Recollida e incorporación da información proporcionada da etapa anterior

Téñase en conta os posibles cambios de etapa: primaria > secundaria e secundaria > bacharelato

### ix. Comunicación da información relevante ao profesorado na avaliación inicial

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

(pendente)

## 2. Relación de programas de implementación potencial e organizativas previstas para todo o centro

### i. Programa de transición da etapa primaria ao ensino secundario obrigatorio

O paso do alumnado do ensino primario ao ensino secundario representa un cambio importante para eles e para as súas familias. Significa un aumento do número de profesores por curso, o cambio de estilo de traballo dos seus profesores, a adaptación a novos compañeiros, o paso de colexios cun tipo de relación baseada no control aínda Instituto no que progresivamente se van dando pasos cara a unha maior autonomía dos alumnos. Procurar que os procesos de educación escolar non sufran descontinuidades esixe un esforzo de coordinación entre os Centros implicados.

Actuacións:

- Visita do alumnado dos centros adcritos ao IES acompañados dos seus profesores titores, coincidindo co final de curso, co fin de ensinarlles o Centro e explicarlles as características do Instituto.
- Reunión da orientadora coas persoas titoras de 6º de educación primaria para recoller información acerca das características persoais e escolares de cada un dos alumnos.
- Reunión da orientadora coa persoa orientadora do centro de educación primaria para recoller información acerca das características persoais, socio-familiares e curriculares dos alumnos con necesidades educativas especiais e recoller os informes psicopedagóxicos dos devanditos alumnos.

### ii. Protocolo de acollida do alumnado (reunións de principios de curso)

Presentación ao alumnado no salón de actos do equipo directivo, as persoas titoras e a orientadora coas persoas responsables de alumando para lles informar dos aspectos máis relevantes dos respectivos niveis escolares.

### iii. Protocolo de acollida das familias (reunións de principios de curso)

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

Reunión do equipo directivo, as persoas titoras e a orientadora coas persoas responsables de alumnado para informarlles dos aspectos máis relevantes desta etapa: organización do centro, horarios de atención ás familias, normativa básica, horarios de clases, actividades extraescolares, funcións do departamento de orientación.

**iv. Protocolo de acollida do profesorado de nova incorporación**

(pendente)

**v. Contrator-Programa**

(pendente)

**vi. PFPP relacionados coa convivencia e atención á diversidade**

(pendente)

**vii. Protocolo de absentismo**

Aplicación do protocolo:

- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2014/01/31/af9923c775126876c57251c98ec20e0d.pdf

**viii. Protocolo TDAH**

Aplicación do protocolo TDAH:

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/10/279115ead0c382ad1bc6d018a201e703.pdf

Orientacións:

- Ubicar diante, preto do profesor/-a para lle facilitar o permanente contacto visual e a supervisión das tarefas, así como o control das posibles distraccións.
- Reducir a explicacións, combinalas con tarefas.
- Utilizar metodoloxías activas.
- Supervisar a súa actividade.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

- Utilizar diferentes formas de presentación do contido.
- Favorecer a súa participación na clase.
- Utilizar o reforzo positivo.
- Utilizar técnicas de estudo na propia materia.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas:
  - Adaptar os instrumentos de avaliación.
  - Respectar o tempo que a alumna precisa para responder. Ás veces tarda máis, polo que cómpre darlle o tempo preciso para rematar o exame.
  - Reducir o número de preguntas por páxina.
  - Combinar diferentes formatos de pregunta nunha mesma proba: de desenvolvemento, verdadeiro/falso, completar un esquema, definicións, tipo test, frases con ocos para completar.
  - Fragmentar os exames, para que poida realizalos en varios días.
  - Utilizar preguntas curtas e con linguaxe moi clara.

### ix. Protocolo TEA

Aplicación do protocolo:

- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/14/5b7a09f72e369a40b7d319634a159b49.pdf

### x. Procedemento co alumnado en atención domiciliaria ou hospitalaria

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

Aplicación do establecido no:

- https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211026/AnuncioG0598-211021-0005_es.html

xi. **Procedemento de inclusión do alumando de incorporación tardía**

Aplicación do establecido no:

- https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211026/AnuncioG0598-211021-0005_es.html

xii. **Programa de recuperación de pendentes**

Seguirase o establecido por cada departamento, facendo o seguimento a través da aula virtual (http://pendentes.iesaxunqueira2.com/).

xiii. **Plan de seguimento do alumnado repetidor**

Seguirase o protocolo establecido por Inspección Educativa.

PROPOSTA

# 5. Medidas para a organización e distribución dos recursos

As Medidas de Atención á Diversidade son as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias

## a) Medidas ordinarias

Son medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

i. **Elaboración dos grupos (horarios, asignación de titorías, agrupamento, e a distribución de aulas, unidades e espazos)**


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

Os agrupamentos, a confección de grupos e os horarios estableceranse de acordo cos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

| CURSO | CRITERIOS |
|---|---|
| **1º da ESO** | Procedencia dun mesmo centro (de modo que non quede un alumno/a sen ningún compañeiro do mesmo centro). Referencia ao informe de tránsito de primaria a secundaria.<br>Escolarización equitativa de alumnado con NAE. Referencia ao informe de Orientación e titoría.<br>Escolarización equitativa de alumnado con dificultades de convivencia. Referencia ao informe de titores e xunta de avaliación.<br>Equilibrio de composición heteroxénea por grupo. |
| **2º da ESO** | Procedencia 1º ESO<br>Recomendacións do equipo educativo do curso anterior.<br>Escolarización equitativa de alumnado con NAE. Referencia do informe de titoría e Departamento de orientación.<br>Escolarización equitativa de alumnado con dificultades de convivencia. Referencia do informe de titores e xunta de avaliación.<br>Equilibrio de composición heteroxénea dos grupos. |
| **3º da ESO** | Optatividade.<br>Equilibrio de composición heteroxénea dos grupos. Referencia do informe de titores e xunta de avaliación.<br>Escolarización equitativa de alumnado con NAE. Referencia do informe de titoría e Departamento de orientación. |
| **4º da ESO** | Itinerario.<br>Optatividade (dentro do itinerario).<br>Equilibrio de composición heteroxénea dos grupos. Referencia do informe de titores e xunta de avaliación.<br>Escolarización equitativa de alumnado con NAE. Referencia do informe de titoría e Departamento de orientación. |
| **1º de bacharelato** | Modalidade de bacharelato elixida.<br>Itinerario (dentro da modalidade), se é o caso. |

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

| CURSO | CRITERIOS |
|---|---|
| | Optatividade.<br>Criterio de heteroxeneidade na constitución dos grupos. |
| **2º de bacharelato** | Modalidade de bacharelato elixida.<br>Itinerario (dentro da modalidade).<br>Optatividade. |

**ii. Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno**

As programacións didácticas debe estar guiadas polo estilo pedagóxico do centro docente, articulado no seu proxecto educativo. Ese estilo pedagóxico estará definido, cando menos, pola liña metodolóxica e as culturas da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno e coas diferentes institución.

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o estilo pedagóxico indicado no punto anterior, o nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos.

**iii. Metodoloxías baseadas no traballo colaborador en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión**

Na planificación docente, no marco dos principios do deseño universal de aprendizaxe, poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborador, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a titoría entre iguais, entre outras. En todo caso, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe, segundo as áreas, as materias, os ámbitos e/ou os módulos, os espazos e os tempos.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

**iv. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación**

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparar o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

**v. Aula de atención educativa e conviencia**

A aulas de atención educativa e convivencia é aquela na cal se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

**vi. Desdobramentos de grupos**

(Explicación do apartado)

**vii. Exencións de 2ª lingua estranxeira**

PROPOSTA

(Explicación do apartado)

**viii. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo.

En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

**ix. Programas de enriquecemento curricular**

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquedanzas, ás potencialidades e ao interese por

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

aprender que manifeste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área, da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

**x. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas**

Incorporar plan de tratamento integrado das  linguas

(Explicación do apartado)

**xi. Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes**

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

c) c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

**xii. Plan específico personalizado para o alumnado de eso que permaneza un ano máis no mesmo curso**

Ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

aproveitamento.

**xiii. Programas de habilidades sociais e mellora da convivencia**

As competencias e as habilidades sociais, representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos, e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

**xiv. Desdobramentos de grupos**

A devandita medida non consta na ORDE do 8 de setembro de 2021, pero si se aplicar no centro até o curso actual, polo que para o vindeiro curso mudarase a outras medidas de atención á diversidade.

**xv. Exencións de 2ª lingua estranxeira**

(reguladas pola resolución  pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico).

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida..

## b) Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

**i. Adaptacións curriculares**

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partirase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psi-copedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente teña establecido según as instruccións de Inspección Educativa. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A orientadora conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da orde do 8 de setembro de 2021 e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización, segundo o modelo que figura no anexo III da orde de 8 de setembro de 2021.

Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que

PROPOSTA

forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que está matriculado o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluirá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluirase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

### ii. Agrupamentos flexibles

Consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

PROPOSTA

máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

Deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, con aquel que conte coa especialidade da área ou da materia e que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento flexible.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria e de dez en educación secundaria obrigatoria.

A proposta de conformación dun agrupamento flexible realizarase de acordo co procedemento seguinte:

a) Convocatoria dunha reunión, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, da extraordinaria, á cal asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou nas materias que poderían ser obxecto de agrupamento flexible. O alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

b) Informe do profesorado titor sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.

c) Informe da xefatura do departamento de orientación sobre as circunstancias do alumnado proposto para o agrupamento.

d) Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa. O traslado desa información e a obtención da conformidade correrán a cargo do profesorado titor.

Durante o mes de setembro, a dirección do centro docente solicitaralle ao servizo territorial de Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:

a) As áreas ou as materias que se impartirán no agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas, considerando as competencias que o alumnado non ten adquiridas e se consideran necesarias para acadar as aprendizaxes requiridas no curso de referencia.

b) A relación do alumnado seleccionado, con indicación dos criterios de selección e das

6. medidas ordinarias aplicadas a cada alumna ou alumno.

c) O horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento flexible.

d) A relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.

A autorización dos agrupamentos flexibles compete ao servizo provincial de inspección educativa.

No caso de alumnado de nova incorporación ao centro docente, a decisión adoptarase tendo en conta a información achegada polo departamento de orientación do centro de procedencia ou, de ser o caso, logo de realizada a avaliación inicial, e seguindo o procedemento descrito nos puntos anteriores deste artigo.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

De igual modo se procederá para a incorporación de novo alumnado logo de constituídos os agrupamentos flexibles. A proposta de incorporación, de ser o caso, realizarase ata o mes de xaneiro, incluído.

A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou a materia no devandito agrupamento.

Ao remate do curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou as materias do agrupamento, elaborará un informe individualizado de cada alumna ou alumno que participase nel, no que se indicará a efectividade da medida, así como a proposta sobre a continuidade, se procede, no curso seguinte.

A participación dunha alumna ou dun alumno nun agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación.

Calquera modificación da configuración dos agrupamentos flexibles será comunicada pola dirección do centro ao servizo territorial de Inspección Educativa.

**i. Apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e/ou en audición e linguaxe**

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, na etapa de educación secundaria obrigatoria.

O profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica realizarán as seguintes funcións específicas:

a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluirá no seu Expediente.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional.

Os programas de intervención, deberán considerar, cando menos:

a) As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presenta a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico.

b) O currículo de referencia da alumna ou do alumno. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

c) O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

d) A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

e) O seguimento e a avaliación do programa, que incluirá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.

Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna ou alumno, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na cal incluirá, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Cantidade de alumnado a que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.

a) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas cales realizou as intervencións de apoio.

b) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.

c) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A memoria entregaráselle á xefatura do departamento de orientación para incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.

**ii. Flexibilización da duración do período de escolarización**

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

Na etapa de educación secundaria obrigatoria:

Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades in-telectuais, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia nas etapas anteriores. Esta redución non poderá afectar o derradeiro curso desa etapa.

O procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización en educación secundaria obrigatoria é o seguinte:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

   1. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.
   2. Informe psicopedagóxico, en que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.
   3. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.
   4. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.
   5. Proposta de adaptación do currículo.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e/ou en educación secundaria obrigatoria son os que seguen:

a) O mes de marzo, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de abril, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

b) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que procedan e llelas comunique ás direccións dos centros docentes, que deberán trasladárllelas ás persoas interesadas.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións na etapa da ESO:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos dezanove anos de idade, no caso de centros docentes ordinarios, ou dos vinte e un, no caso de unidades de educación especial ou en centros de educación especial a tempo completo. En ambos os casos, o límite de idade enténdese referido ao ano natural en que finaliza o curso escolar.

Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acredi-tación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, sen que poida permanecer nesa etapa máis alá dos vinte e un anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.

O procedemento para acollerse ás flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado en educación secundaria obrigatoria é o que segue:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:

   i. Informe do profesorado titor, no cal se xustifique a necesidade desa medida.

   ii. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

iii. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

iv. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

v. Proposta de adaptación do currículo.

b) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Edu- cativa, será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde autorizar a flexibilización.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado en educación secundaria obrigatoria, que deben tramitarse logo de realizada a avaliación extraordinaria, son os que seguen:

a) Dentro dos cinco días naturais seguintes á sesión de avaliación da alumna ou do alumno: solicitude da dirección do centro docente dirixida á xefatura territorial que corresponda.

b) Dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da solicitude: traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, por parte da xefatura territorial, da solicitude de flexibilización.

c) Dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da documentación procedente da xefatura territorial: resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e comunicación á dirección do centro docente, e esta deberá trasladárllela ás persoas interesadas.

O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través dunha aplicación informática específica da consellería en materia de educación.

Con carácter xeral, as medidas de flexibilización, sexan de redución ou de ampliación da duración do período de escolarización, consignaranse no expediente

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

académico do alumnado, con indicación da resolución mediante a cal se autorizaron.

**iii. Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato**

O alumnado poderá flexibilizar a duración do período de escolarización do bacharelato mediante a redución ou a ampliación da permanencia nesta etapa, por tratarse respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación da Administración educativa.

O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá reducir a duración das ensinanzas de bacharelato a un curso escolar, para o cal, ademais de cumprir os requisitos que se recollen no punto 3 deste artigo, terá que realizar as probas extraordinarias de avaliación do primeiro curso desas ensinanzas, logo de solicitude á dirección do centro.

O procedemento para autorizar a realización das probas extraordinarias de avaliación, que serán as mesmas que as que se lle apliquen ao alumnado que cursou o primeiro curso e ten materias sen superar logo da avaliación final ordinaria, é o que segue:

a) As persoas responsables do alumnado interesado presentarán unha solicitude de participación na proba extraordinaria de avaliación do primeiro curso de bacharelato, para a posible flexibilización, ante a dirección do centro docente onde foi admitido ou, de non ser o caso, no centro solicitado en primeira opción no proceso de admisión para cursar estudos de bacharelato, dentro dos dous días hábiles seguintes á session de avaliación final ordinaria de cuarto de educación secundaria obrigatoria, e achegarán a documentación que xustifique os seguintes requisitos:

    a. Acreditación, polos servizos de orientación dependentes da Administración educativa, como alumnado con altas capacidades intelectuais.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

b. 2º. Certificación académica do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria en que conste unha cualificación media de nove ou superior.

b) A directora ou director do centro que reciba a solicitude autorizará a realización da proba extraordinaria de avaliación se cumpre os requisitos indicados no punto anterior.

O procedemento para autorizar a flexibilización é o que segue:

a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado autorizado á realización da proba a que se refire o punto anterior e que cumpra os criterios de promoción ao segundo curso de bacharelato poderán presentar unha solicitude de flexibilización ante a dirección do centro docente en que realizaron as probas, dentro dos dous días hábiles seguintes á realización da sesión de avaliación extraordinaria.

b) A dirección do centro docente, dentro dos cinco días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes de flexibilización, trasladará á xefatura territorial que corresponda as solicitudes presentadas, xunto coa seguinte documentación:

   a. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.

   b. Copia da acta de avaliación extraordinaria.

c) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

d) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, dentro dos cinco días naturais seguintes á recepción da documentación procedente da xefatura territorial, resolverá, segundo o modelo que figura no anexo VIII desta orde, e comunicaralle a resolución á dirección do centro docente, e esta deberá trasladárllela ás persoas interesadas.

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse ensinanzas de bacharelato poderá ampliar a permanencia nesta etapa fragmentando os seus

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

cursos por materias. Neste caso, poderá optar á ampliación extraordinaria dun curso máis por cada un dos dous cursos académicos, sen superar a permanencia total de seis anos nestas ensinanzas. O procedemento para se acoller á fragmentación de cada un dos dous cursos de bacharelato é o que segue:

a) Solicitude da dirección do centro docente, logo de comezado o curso académico, antes de finais de outubro e ante as dificultades de aprendizaxe detectadas polo equipo docente, á xefatura territorial correspondente, xunto coa seguinte documentación:

    a. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo profesorado titor.

    b. Informe dos servizos de orientación, no cal se acrediten as necesidades educativas especiais e se propoña esa medida.

    c. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais, no caso de alumnado menor de idade, ou da alumna ou do alumno se é maior de idade.

    d. Copia do historial académico da alumna ou do alumno.

    e. Proposta da nova distribución temporal para cursar as ensinanzas de bacharelato.

b) A xefatura territorial solicitará informe ao servizo territorial de Inspección Educativa e trasladará este, xunto co resto da documentación recibida, á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

c) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adoptará a decisión que proceda, segundo o modelo que figura no anexo IX desta orde, e comunicaralla dirección do centro docente, que informará a alumna ou o alumno afectados.

d) A solicitude e a autorización da fragmentación realizarase, de ser o caso, para cada un dos dous cursos de bacharelato.

e) O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

PROPOSTA

período de escolarización realizarase a través da aplicación informática específica da consellería en materia de educación.

A nota media da etapa de bacharelato para o alumnado que flexibilizou esa etapa calcularase segundo o disposto con carácter xeral para o resto de alumnado.

O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través da aplicación informática específica da consellería en materia de educación.

Con carácter xeral, as medidas de flexibilización, sexan de redución ou de ampliación da duración do período de escolarización, consignaranse no expediente académico do alumnado, con indicación da resolución mediante a cal se autorizaron.

**iv. Programas de diversificación curricular**

Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título.

Nos programas de diversificación curricular empregarase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

O alumnado destinatario desta medida extraordinaria deberá cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos:

a) Ser alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades de aprendizaxe.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

b) Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultadas detectadas.

c) Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencia correspondentes cursando o currículo ordinario.

d) Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Para poder ser proposto para a incorporación a este programa, o alumnado deberá atoparse nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro e ter repetido unha vez na educación básica.

b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.

c) Ter repetido o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo.

d) Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

A duración dos programas de diversificación curricular será de dous cursos. Excepcionalmente, poderán establecerse programas dun curso de duración.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco, e terán un grupo ordinario de referencia no cal cursarán as materias non incluídas nos ámbitos de coñecemento do programa de diversificación curricular.

O procedemento para a incorporación aos programas de diversificación curricular é o seguinte:

a) Logo de realizada a avaliación final ordinaria, o equipo docente realizará unha proposta provisional do alumnado que se podería incorporar ao

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

programa, o que permitirá á xefatura do departamento de orientación realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.

b) Despois da avaliación final extraordinaria, o equipo docente realizará a proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa de diversificación curricular.

c) O profesorado titor elaborará un informe individualizado do alumnado que se podería incorporar ao programa, que será remitido ao departamento de orientación e que deberá constar, como mínimo:

   a. Da competencia curricular do alumnado en cada materia.
   b. Das dificultades de aprendizaxe detectadas.
   c. Das medidas de atención á diversidade aplicadas previamente.
   d. Dos motivos polos cales o equipo docente considera conveniente a súa integración no programa de diversificación curricular.

d) A xefatura do departamento de orientación elaborará un informe por cada alumna ou alumno, no cal se incluirán as conclusións sobre o informe do profesorado titor, as da ava liación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumno ou da alumna, e a destes mesmos sobre a medida proposta.

e) e) Posteriormente, unha comisión formada polo xefe ou a xefa de estudos, que exerce a súa presidencia, o xefe ou a xefa do departamento de orientación e o profesor ou a profesora titor ou titora da alumna ou do alumno valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado, e realizará unha proposta á dirección do centro sobre a súa incorporación ao programa de diversificación curricular.

f) f) A dirección do centro elevará a proposta de incorporación do alumnado ao programa de diversificación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente, na cal se reflectirá a relación de alumnado

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

proposto e de profesorado que vai impartir cada ámbito de coñecemento do programa, xunto co resto de documentación do procedemento.

g) O servizo territorial de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de diversificación curricular que cumpran os requisitos establecidos nesta orde, que será comunicada ao centro docente antes do inicio das actividades lectivas.

Cada ámbito de coñecemento será impartido por unha única profesora ou un único profesor, pertencentes aos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora, que se coordinará co profesorado titor do grupo de referencia e co resto do profesorado que imparta docencia no programa. Esta persoa será designada pola dirección do centro docente de entre o profesorado que imparta algún dos ámbitos de coñecemento do programa e exercerá, se é posible, o tempo de duración do programa.

A avaliación do alumnado nos ámbitos de coñecemento que conforman o programa será continua e diferenciada, e terá como referentes os obxectivos de etapa e as competencias da educación secundaria obrigatoria.

**v. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo**

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo, as medidas específicas reguladas neste artigo.

**vi. Atención educativa domiciliaria**

PROPOSTA

O procedemento para acceder a esta atención educativa é o que segue:

a) 1º. Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado á dirección do centro docente, xunto co correspondente informe dos servizos sanitarios en que conste a conveniencia desta atención, así como, cando menos, a previsión aproximada do tempo durante que a alumna ou o alumno deberán convalecer no domicilio e o tempo da revision desa previsión.

b) 2º. Informe da dirección do centro docente respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención educativa.

c) 3º. Traslado á xefatura territorial correspondente dos documentos referidos nas dúas alíneas anteriores, por parte da dirección do centro docente e nun prazo máximo de cinco días desde a recepción da solicitude.

A xefatura territorial, á vista dos documentos anteriores e logo do informe do servizo territorial de Inspección Educativa, adoptará a resolución que proceda, nun prazo máximode cinco días. Esa resolución, que non poderá exceder un curso académico e concretará a máxima asignación horaria e a duración desta atención, comunicaráselle ao centro docente, que informará a nai, o pai ou as persoas titoras legais da alumna ou do alumno. Cando a situación de convalecencia da alumna ou do alumno se prolongue máis alá do curso académico, a continuidade da atención educativa domiciliaria requirirá unha nova solicitude e autorización.

b) O profesorado nomeado especificamente para a atención educativa domiciliaria de penderá organicamente dos centros docentes públicos que determine a xefatura territorial.

Poderase proporcionar esta atención educativa a través dunha profesora ou dun profesor do centro docente a que pertenza a alumna ou o alumno, preferentemente o seu titor ou a súa titora, se a súa participación ten carácter voluntario e non implica incremento de persoal do centro.

O profesorado de atención educativa domiciliaria, tendo en conta a programación

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

do correspondente ciclo ou nivel e un informe da situación académica do alumnado, facilitada polo profesorado titor da alumna ou do alumno, elaborará, en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, un programa individualizado de atención educativa que desenvolverá coa alumna ou co alumno durante o período de tempo en que non poida asistir ao centro docente, que, con carácter xeral, terá unha consideración trimestral, de xeito que se realice o seu seguimento e posibles axustes coincidindo con cada sesión de avaliación. Neste programa deberán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporización e revisión que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado.

A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de atención educativa domiciliaria, a quen trasladará, obtidas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporización.

O profesorado de atención educativa domiciliaria emitirá, con frecuencia mensual, cando o tempo desa atención sexa superior a un mes, ou previo a cada avaliación, un informe relativo ao desenvolvemento desa atención.

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro onde estea matriculado e desenvolverase segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.

O alumnado autorizado para recibir atención educativa domiciliaria considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

A atención educativa domiciliaria poderá prestarse de xeito presencial no domicilio, mediante atención virtual ou mixta, tendo en consideración o nivel educativo en que se encontre escolarizado o alumnado, a dispoñibilidade de recursos por parte da familia e o benestar do menor, o que posibilitará unha reincorporación máis eficaz ao centro docente, xa que nesta atención virtual ou mixta é recomendable que participe o profesorado do centro docente onde se encontre escolarizado o

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

alumnado. Cando esta atención se realice de xeito virtual poderá ser prestada polo equipo provincial de atención virtual ao alumnado.

A nai, o pai ou as persoas titoras legais dese alumnado garantirán a presenza no domicilio dunha persoa adulta responsable durante o tempo de intervención, presencial ou virtual, do profesorado e facilitarán as condicións axeitadas para esa intervención. Igualmente, proporcionarán a información que demande a Administración educativa.

Ao finalizar cada curso, o profesorado de atención educativa domiciliaria elaborará unha memoria onde se recollerá unha valoración da atención educativa levada a cabo, así como as correspondentes propostas de mellora, de ser o caso. Esta memoria entregaráselle á persoa titora da alumna ou do alumno.

Realizarase unha revisión desta medida, por parte do equipo docente, coincidindo con cada sesión de avaliación, na cal se deberá valorar, entre outras, a adopción doutras medidas de atención á diversidade que se consideren máis adecuadas para atender as necesidades da alumna ou do alumno, no caso de reincorporación parcial ou total ao centro docente.

Así mesmo, para o alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro docente por un período de tempo continuado superior a cinco días lectivos e non reciba atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente, coordinado polo profesorado titor, elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais dese alumnado preferiblemente por medios telemáticos, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo. Esta medida aplicarase, igualmente, ao alumnado que, por motivos de saúde, só poida asistir ao centro docente unha parte da xornada escolar e nun tempo continuado superior aos cinco días lectivos. Este alumnado contará co correspondente informe médico e considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

A organización e a supervisión da atención educativa domiciliaria serán realizadas

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

polo servizo territorial de Inspección Educativa correspondente.

**vii. Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria**

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

a) Longa hospitalización: máis de trinta días.

b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

c) Curta hospitalización: menos de quince días. O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

O profesorado da atención educativa hospitalaria informará a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado hospitalizado da existencia e das características dese servizo, no cal o alumnado de longa e media hospitalización recibirá atención educativa en coordinación co centro docente, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas e lúdicas de carácter xeral. Igualmente, informará o servizo territorial de Inspección Educativa do seu horario, da coordinación cos centros docentes e do mantemento do vínculo coa aula ordinaria, da relación coas familias, da colaboración coas entidades e de todos os aspectos que considere de interese.

A atención educativa hospitalaria será prestada polo profesorado das aulas ou das unidades creadas ou autorizadas nos centros hospitalarios, a partir da solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado de media e longa hospitalización ao profesorado que atende esa unidade, e achegarase certificado médico en que figure a prevision do tempo de hospitalización.

O propio profesorado da unidade ou da aula hospitalaria remitirá unha copia dos documentos citados anteriormente ao centro docente de procedencia da alumna ou do alumno, no prazo máis breve posible.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

A dirección do centro docente, por proposta do profesorado titor, remitiralle ao profesorado da unidade ou da aula hospitalaria, cunha frecuencia quincenal, a proposta de actividades elaborada polo equipo docente da alumna ou do alumno para a aula ordinaria.

A partir desa proposta, o profesorado da aula educativa hospitalaria elaborará o seu plan de traballo.

A avaliación dese alumnado e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro onde a alumna ou o alumno estean matriculados. Esas decisións considerarán a información facilitada polo profesorado da unidade ou da aula hospitalaria e seguirán os criterios xerais establecidos para cada nivel, ciclo ou etapa. En consecuencia, este profesorado remitiralle ao centro docente da alumna ou do alumno, cunha periodicidade trimestral ou, segundo o caso, ao finalizar esa atención educativa, un informe relativo ao desenvolvemento do proceso educativo nese servizo e a correspondente valoración.

O alumnado autorizado para recibir atención educativa hospitalaria considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

Cando o alumnado beneficiario da atención educativa hospitalaria deba continuar a súa convalecencia no propio domicilio, poderá beneficiarse da atención educativa domiciliaria se cumpre os requisitos establecidos para esa atención. Nestes casos, o centro docente facilitaralle ao profesorado de atención educativa domiciliaria copia do informe doprofesorado da atención educativa hospitalaria.

Ao finalizar cada curso escolar o profesorado da aula educativa hospitalaria elaborará unha memoria anual do traballo desenvolvido, que incluirá, entre outros aspectos, datos estatísticos do alumnado atendido e, de ser o caso, as propostas de mellora. Esta memoria será remitida ao servizo territorial de Inspección Educativa antes do 10 de xullo.

PROPOSTA

**viii. Atención educativa virtual**

Será destinatario desta atención educativa virtual o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o cal as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia. Neste caso, proporán a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa correspondente.

A atención educativa ao alumnado que non poida asistir ao centro realizaraa o profesorado de cada área, materia, ámbito ou módulo do centro docente en que estea matriculado e, no caso de imposibilidade apreciada pola dirección do centro, o equipo docente ou departamento didáctico correspondente.

No caso de que esta atención educativa non poida realizarse desde o centro docente, a dirección deberá comunicarllo ao servizo territorial de Inspección Educativa, que analizará os horarios do persoal do centro e emitirá o correspondente informe á xefatura territorial, no cal se proporá a atención educativa deste alumnado por parte do persoal do centro ou polo equipo provincial de atención virtual ao alumnado.

No caso de proposta de atención polo equipo provincial de atención virtual, a xefatura territorial emitirá unha resolución que concretará a máxima asignación horaria en función da etapa educativa da alumna ou do alumno e a duración desa atención. A resolución comunicaráselles ao equipo provincial de atención virtual e ao centro docente, que dará traslado desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

O equipo provincial de atención virtual ao alumnado estará integrado por persoas profesionais docentes do corpo de mestres e mestras, e do corpo de profesorado de ensino Secundario.

O alumnado da etapa de bacharelato que non poida ser atendido polo centro docente recibirá atención educativa na modalidade de educación a distancia mediante o traslado provisional de matrícula, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

O alumnado autorizado a recibir atención educativa virtual considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

No momento en que o alumno ou a alumna se incorporen ao ensino presencial no centro docente, a dirección deste centro deberá comunicarllo á xefatura territorial.

**ix. Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal**

O alumnado menor de idade sometido a medidas de responsabilidade penal terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. No caso de que as decisións xudiciais afecten a súa escolarización, garantirase o seu dereito á educación e será obxecto da atención educativa que se estableza na correspondente resolución xudicial, segundo o disposto nanormativa vixente.

O alumnado residente nos centros de menores recibirá unha atención educativa que favoreza o seu desenvolvemento persoal, contribúa á súa reinserción social e dea continuidade ao seu proceso educativo. Igualmente, de considerárense necesarias, ofreceránselle as medidas de atención á diversidade previstas nesta orde. Finalizado o réxime de internamento, garantirase a incorporación dese alumnado ao centro docente ordinario que lle corresponda.

O equipo docente do centro ordinario, coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, adoptará todas as medidas que promovan a súa inclusión.

**x. Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela**

O alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento debe contar coas medidas de protección que garantan a súa escolarización e o seu desenvolvemento integral. Ese alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

**xi. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar**

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Xacobeo 21·22

Considérase alumnado afectado por medidas de violencia de xénero aquel que o acredite nos termos que se establecen no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

a) A súa consideración como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

b) A súa escolarización nos casos de cambio de centro docente.

c) A continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seudesenvolvemento persoal e social.

Considérase acoso escolar calquera xeito de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou dun alumno por outro ou outra ou outros, sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

a) A súa consideración, para todos os efectos, como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

b) As situacións probadas de acoso escolar terán a consideración de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou faltas moi graves, polo que serán tratadas segundo o establecido na normativa correspondente.

d) Se as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado acosado solicitan un cambio de centro, o servizo territorial da Inspección Educativa deberá constatar a efectiva concorrencia da situación alegada e, de ser o caso, propor as medidas necesarias para a inmediata escolarización noutro centro docente.

e) Os centros docentes incorporarán nos seus plans de convivencia actuacións

PROPOSTA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
Xacobeo 21·22

destinadas á prevención, á detección e ao tratamento educativo das situacións de acoso escolar.

Entre esas actuacións incluiranse campañas de sensibilización dirixidas a todos os membros da comunidade educativa e procesos de mediación.

**xii. Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes**

Enténdese por alumnado pertencente a familias itinerantes aquel que, por razón socioeconómicas da súa nai, do seu pai ou das persoas titoras legais, non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro docente, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. Ese alumnado será considerado, para todos os efectos, alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

**xiii. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro**

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento. No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente. Esta medida só se aplicará nas etapas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar calquera desas etapas, dentro dos límites de idade establecidos.

PROPOSTA

### xiv. Grupos de adquisición das linguas

Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos de alumnado de ESO que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

O alumnado indicado no punto anterior poderá formar parte dun grupo de adquisición de linguas un tempo máximo dun trimestre e o servizo territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, antes de rematar o prazo para o cal fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa Medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición de linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de vinte e catro, na educación secundaria obrigatoria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

O profesorado encargado dos grupos de adquisición de linguas na educación secundaria obrigatoria pertencerá, preferentemente, ás especialidades de carácter lingüístico e deberá contar con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A avaliación das aprendizaxes específicas no grupo de adquisición de linguas será continua, realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento e servirá de

PROPOSTA


UNIÓN EUROPEA
